



(AGADEA)
 SERVIZO SANITARIO-SERVIZO DE ESTIMULACION COGNITIVA. ESPAZO DA
 MEMORIA
 RUA DIEGO DE MUROS (DE) nº-11
 CP 15701, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

Ref: AVE/fgv

Asunto: Autorización centro/servizo sanitario, expediente: 0016/19

Xunto con este escrito achego:

- Resolución do 21 de febreiro de 2019 pola que outorga a autorización sanitaria de funcionamento do centro sanitario titularidade de Agadea situado en SANTIAGO DE COMPOSTELA.
- Documento que acredita a inscrición no Rexistro de Centros Servizos e Establecementos Sanitarios desta Comunidade Autónoma (REXCE) co **número de rexistro C-15-004150** que **ten a obriga** de exhibir nun lugar ben visible para o público. O número de rexistro outorgado, debe figurar na súa publicidade (folletos, xornais, páxinas on-line, guías de seguros médicos) así como **nos carteis e/ou placas identificadoras no exterior** do centro.
- Documento no que figura o cadro de profesionais sanitarios que traballan no centro/servizo autorizado, independentemente do vínculo laboral ou mercantil, que **ten a obriga** de manter permanentemente actualizado no expediente administrativo, feito polo que deberá comunicar as altas/baixas dos profesionais, así como comunicar outras modificacións que afecten ás condicións nas que se outorgou a autorización.

Así mesmo, infórmolle de que a través da páxina web da Consellería de Sanidade_Servizo Galego de Saúde, www.sergas.es, no buscador de centros (logotipo lupa), e a continuación seleccionando o apartado Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios de Galicia, pódese acceder:

- **Apartado Comunicacions**, ao formulario de comunicación das modificacións que non requiren autorización (cambio nome comercial, memoria actividades, equipamento, alta/baixa profesionais...) <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Rexistro-de-centros-servizos-e-establecementos-sanitarios-de-Galicia>
- Seleccionando na icona central, **ACCEDER**, verificará a inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios autonómico.

Santiago de Compostela
 A xefa do Servizo de Autorización de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios
 Ana Vázquez Estepa





RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN SANITARIA

Expediente número: 0016/19

Asunto: Autorización de funcionamento

Interesado/a: (AGADEA) ASOCIACION
GALEGA PARA AXUDA DOS
ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO
ALZHEIMER

Data de Iniciación: 17 de xaneiro de
2019

Procedemento: Autorización de centros

Forma de inicio: Solicitud de
interesado

ANTECEDENTES

MARIA ISABEL GEY PEREZ, con NIF: 33225963W, en calidade de PRESIDENTA DE AGADEA, da entidade titular (AGADEA) ASOCIACION GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER solicita a autorización de funcionamento dun servizo sanitario situado na RUA DIEGO DE MUROS (DE) nº-11, CP:15701, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, establece as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e regula as súas tipoloxías e ofertas asistenciais.

Este centro cumpre os requisitos establecidos no Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, o que foi comprobado mediante visita de inspección ao citado servizo o 19/02/2019, realizando unha proposta de resolución favorable o 20/02/2019 .

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade é o órgano competente para coñecer e decidir sobre a cuestión presentada, de conformidade co establecido no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.





De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Outorgar a autorización sanitaria de funcionamento ao servizo que consta a continuación.

Denominación: SERVIZO SANITARIO-SERVIZO DE ESTIMULACION COGNITIVA. ESPAZO DA MEMORIA.

Enderezo: RUA DIEGO DE MUROS (DE) nº-11, CP:15701, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA.

Titular: (AGADEA) ASOCIACION GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER NIF: G15483498.

Número de rexistro: C-15-004150

Tipoloxía: C.3: SERVIZOS SANITARIOS INTEGRADOS NUNHA ORGANIZACION NON SANITARIA (OUTROS SERVIZOS SANITARIOS INTEGRADOS NUNHA ORGANIZACION NON SANITARIA)

Oferta asistencial: U.59 - FISIOTERAPIA; U.04 - PODOLOXIA; U.900.70 - PSICOLOXIA SANITARIA.

2. Esta autorización sanitaria ten unha vixencia de dez anos contados a partir da data da sinatura. De non solicitarse a correspondente renovación, producirase a súa extinción, de acordo co establecido nos artigos 10, 15, e 17 do Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro.

3. Esta autorización sanitaria non abarca a autorización para realizar técnicas, tecnoloxías e/ou procedementos concretos asistenciais por parte dos profesionais sanitarios, que no caso de realizalas serán baixo a súa responsabilidade, conforme a súa cualificación profesional e sempre que cumpran as condicións de seguridade e asepsia necesarias segundo as súas normas e procedementos específicos.

4. Ordenar a correspondente inscrición de oficio no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios.

5. A publicidade deberá axustarse ao contido desta autorización sanitaria, tanto no referente ao tipo de centro como á oferta asistencial, debendo reflectir sempre o número de rexistro.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Sanidade.

Mediante este documento notifícaselle a MARIA ISABEL GEY PEREZ, esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada





ACREDITACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Segundo dispón o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, e de conformidade co establecido no seu título V sobre Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios, se acredita que o centro cuxos datos rexistrados se indican a continuación, figura inscrito no rexistro co número C-15-004150.

Centro: SERVIZO SANITARIO-SERVIZO DE ESTIMULACION COGNITIVA. ESPAZO DA MEMORIA
Titular do centro: (AGADEA) ASOCIACION GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA
TIPO ALZHEIMER

Nif do titular: G15483498

Tipo de centro(C): C.3.90 - OUTROS SERVIZOS SANITARIOS INTEGRADOS NUNHA ORGANIZACION
NON SANITARIA

RUA DIEGO DE MUROS (DE) 11

15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA

Autorizado o seu funcionamento por Resolución do 21/02/2019

Data de vixencia da última autorización 21/02/2029

Oferta asistencial (U):

U.04 - PODOLOXIA; U.59 - FISIOTERAPIA; U.900.70 - PSICOLOXIA SANITARIA

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Selo





CADRO ACTUALIZADO DE PROFESIONAIS POR UNIDADE ASISTENCIAL

Centro: SERVIZO SANITARIO-SERVIZO DE ESTIMULACION COGNITIVA. ESPAZO DA MEMORIA

Titular: G15483498 -- (AGADEA) ASOCIACION GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER

Núm. Rexistro: C-15-004150

Oferta asistencial:

U.04 - PODOLOXIA

MARCOS FERNANDEZ LOPEZ

U.59 - FISIOTERAPIA

ALBA TOIMIL IGLESIAS

U.900.70 - PSICOLOXIA SANITARIA

NOELIA RIAÑO LUEIRO

OUTROS PROFESIONAIS SANITARIOS:

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Selo

